




RÍO MIÑO EN CENLLE


Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2022



Distancia: 13 km
Dificultade: baixa



Unha camiñada pola beira do río Miño (retido no encoro de Castelo de Miño), entre Barbantés e Xubín, no concello de Cenlle. De enorme interese natural e paisaxístico que se pode complementar con elementos etnográficos (construcións tradicionais), históricos (cova da Moura, castro do castelo de Laias), artístico (igrexas de Laias e Razamonde) e coa posibilidade de gozar das áreas termais de Laias e Barbantés.



Castelo de Laias



O Miño no encoro de Castelo de Miño

PERCORRIDO

Saímos da **área Termal de Barbantes** e botamos a andar ata a estrada principal, logo imos á esquerda uns 200 m e cruzámola, para ir á área de lecer que hai de fronte e seguir o camiño que sube pola súa beira, para ir polo primeiro desvío á dereita, indicado como miradoiro, á **Cova da Moura** -un tramo de túnel da época romana, cavado na rocha para conducir auga para a explotación dos recursos mineiros dos arredores-, e ao **miradoiro** que se atopa ao seu carón desde o que temos unha panorámica da contorna, panorámica que mellora desde un pouco máis arriba, na segunda revolta do camiño, un pouco antes de acadar a ponte que nos permite pasar por enriba da autovía. Cando cruzamos temos á dereita unhas formacións rochosas, o **Castelo de Laias**, nas que hai restos dun castro, mais nós imos á esquerda por unha pista paralela a autovía que, nunha baixada, nos permite volver a cruzala, desta volta por debaixo, para entrar en **Laias** e ir ata a estrada onde imos á dereita, uns 200 m pola beirarrúa, para cruzala onde se atopa o indicador de Balneario de Laias e seguir, sen perda, ata a beira do Miño, onde seguimos á dereita, por un camiño doado, con panorámicas do río atractivas e no que van gañando protagonismo as **sobreiras**, algunhas de moi boa talla, e chegamos a **Razamonde**, onde podemos desviarnos a ver a igrexa. Volvemos ao trazado da ruta e seguímolo ata o remate, na entrada de **Xubín** (neste tramo vai moi apegada á vía do tren).

Como o traxecto é lineal volvemos polo camiño da ida, aproveitando para gozar de novo do número e do bo porte das sobreiras, de outros descubrimentos e encontros inesperados, do cambio de aspecto da auga e da luz do río... ata atoparnos de novo ao pé do balneario e volvemos a **Barbantes** pola beira do río, un fermoso tramo por un frondoso bosque de ribeira no que carballos, salgueiros,




Castelo de Laias



Cova da Moura



Bosque de ribeira entre Laias e Barbantes



Pola beira do río en Razamonde





Porto deportivo en Laias




O Miño desde Razamonde



Sobreiras



Razamonde





Viñedos á beira do río (O Ribeiro)



Lavanco con crías



Codeso



Carqueixa boieira



Porta lateral da igrexa de Razamonde



Portada da igrexa de Laias



Salgueiro nodoso (*Salix salvifolia*)



Breixo (*Erica cinerea*)




Carpaza



Cantroxos



Xesta branca



Dúas especies invasoras comúns na zona: mimosas e sapoconchos de Florida

